



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Formación Profesional
e Ensinanzas Especiais

Edificio Administrativo
San Caetano s/n, bloque 2, 2º andar
15781 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 546 562
Fax: 981 546 551
dxfp@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es



UNION EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO



CIRCULAR 21/2008 DA DIRECCIÓN XERAL DE FORMACIÓN PROFESIONAL E ENSINANZAS ESPECIAIS POLA QUE SE REGULA A AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN DO ALUMNADO QUE CURSA AS ENSINANZAS ELEMENTAIS DE MÚSICA E DE DANZA DISPOSTAS NOS DECRETOS 196/2007, DO 20 DE SETEMBRO E 198/2007, DO 27 DE SETEMBRO POLOS QUE SE ESTABECE A ORDENACIÓN DAS ENSINANZAS DE GRAO ELEMENTAL DE DANZA E DE MÚSICA, RESPECTIVAMENTE.

Os decretos 196/2007, do 20 de setembro e 198/2007, do 27 de setembro establecen o currículo das ensinanzas elementais de réxime especial de danza e de música, respectivamente. Ámbalas dúas normas dispoñen que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ha regular o procedemento de avaliación, promoción e permanencia do alumnado. Así mesmo, que a avaliación das ensinanzas elementais levarase a cabo tendo en conta os obxectivos e os criterios de avaliación establecidos no currículo. Igualmente, que a avaliación da aprendizaxe do alumnado será continua e integradora, aínda que diferenciada segundo as materias do currículo; que o profesorado avaliará tanto a aprendizaxe do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, e finalmente que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria regulará as condicións para que os centros organicen as oportunas probas extraordinarias co fin de lle facilitar ao alumnado a recuperación de materias con avaliación negativa.

Asemade, seguen a dispor estes decretos que son documentos de avaliación das ensinanzas elementais de música e de danza o expediente académico persoal, as actas de avaliación, e o informe de avaliación individualizado. Así mesmo, establécese que correspóndelle á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a regulación e o establecemento dos modelos oficiais dos ditos documentos de avaliación.

Procede, xa que logo, ditar normas que rexan a avaliación e a cualificación nas ensinanzas elementais de música e de danza coa finalidade de proporcionarlle ao profesorado un instrumento que regule e facilite a avaliación conxunta do proceso de ensinanza-aprendizaxe, así como a información dela a tódolos estamentos implicados.

1. Desenvolvemento da avaliación nas ensinanzas elementais de música e de danza

1.1 A avaliación dos alumnos e das alumnas será continua e integradora, aínda que diferenciada, segundo as distintas materias do currículo, razóns polas que se require a súa asistencia regular ás clases e ás actividades programadas para as distintas materias do currículo.

1.2. Na avaliación das aprendizaxes do alumnado, que se realizarán por materias, o profesorado considerará o conxunto das disciplinas do correspondente curso, así como a



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Formación Profesional
e Ensinanzas Especiais

Edificio Administrativo
San Caetano s/n, bloque 2, 2º andar
15781 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 546 562
Fax: 981 546 551
dxfp@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es



madureza académica do alumnado en relación cos obxectivos xerais das ensinanzas de música e de danza e as súas posibilidades de progreso en estudos posteriores.

1.3. O referente para avaliar as aprendizaxes dos alumnos e das alumnas serán os obxectivos educativos de grao e os de cada unha das diferentes disciplinas, así como os criterios de avaliación que, para cada materia, se establezan no proxecto educativo do centro. O dito proxecto deberá conter o recollido nos decretos 196/2007, do 20 de setembro e 198/2007, do 27 de setembro polos que se establece a ordenación das ensinanzas elementais de réxime especial de danza e de música, respectivamente.

1.4. Asemade, na avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado se considerarán as características propias deste e o contexto sociocultural do centro.

1.5. O alumnado ten dereito a ser avaliado conforme a criterios de plena obxectividade, así como a coñecer os resultados das súas aprendizaxes, para que a información que se obteña, a través dos procedementos informais e formais de avaliación, teña valor informativo e o comprometa na mellora da súa educación. Nesta liña, os centros docentes farán públicos os criterios de avaliación comúns e os propios de cada materia que se aplicarán para a avaliación das aprendizaxes e a promoción do alumnado.

1.6. O alumnado poderá solicitar ao profesorado responsable das distintas materias aclaracións acerca das avaliacións que se realicen para a mellora do seu proceso de aprendizaxe. Asemade, no seu caso, os pais, nais ou tutores legais exercerán este dereito a través do profesor tutor ou profesora titora.

1.7. Así mesmo, o alumnado ten dereito a coñecer os procedementos formais da avaliación, a súa natureza, aplicación e criterios de corrección.

2. Sesións de avaliación

2.1. As sesións de avaliación e cualificación, dentro do proceso de enseñanza-aprendizaxe, son as reunións do conxunto de profesoras e profesores do respectivo grupo de alumnado, coordinados polo tutor, celebradas co obxecto de contrastar as informacións proporcionadas polo profesorado das distintas materias e valorar dunha maneira colexiada o progreso do alumnado.

2.2. Realizaranse tantas sesións de avaliación e cualificación por curso como se estableza no proxecto educativo do centro, cun mínimo de tres, coincidindo a última coa avaliación final ordinaria.

2.3. As sesións de avaliación utilizarán como instrumento básico as informacións e cualificacións que, sobre cada alumno e sobre o grupo, acheguen os profesores e profesoras das distintas materias.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Formación Profesional
e Ensinanzas Especiais

Edificio Administrativo
San Caetano s/n, blo�ue 2, 2º andar
15781 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 546 562
Fax: 981 546 551
dxfee@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es



UNION EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO



2.4. A avaliación, supervisada pola xefatura de estudos, realizaraa o conxunto do profesorado do alumno ou da alumna coordinado polo profesor ou a profesora que desempeñen a titoría. Este profesorado actuará de xeito integrado ao longo do proceso de avaliación e na adopción de decisións resultantes do devandito proceso.

2.5. O titor ou titora levantará acta do desenvolvemento das sesións de avaliación e cualificación, na que fará constar os acordos acadados e as decisións adoptadas. Esta acta será asinada polo profesorado presente na sesión co visto e praxe do director.

2.6. Os resultados da avaliación final das materias que compoñen o currículo expresaranse mediante a escala numérica de 1 a 10 sen decimais. Consideraranse positivas as cualificacións iguais ou superiores a cinco, e negativas as inferiores a cinco.

2.7. Nas sesións de avaliación acordarase tamén a información que, sobre o proceso persoal de aprendizaxe seguido, transmitirse a cada alumno ou alumna e, no seu caso, ao seu pai, nai ou titores legais, dacordo co proxecto educativo do centro e co recollido na presente circular.

3. Avaliación final e proba extraordinaria

3.1. Rematado o período lectivo, na última sesión de avaliación e cualificación no mes de xuño, o profesorado emitirá a cualificación final despois de facer a valoración das aprendizaxes específicas das distintas materias e da madurez académica acadada polo alumnado en relación cos obxectivos xerais das respectivas ensinanzas de música e de danza, e no marco do proceso de avaliación continua levado a cabo.

3.2. A valoración do progreso do alumnado, expresada nos termos descritos no punto anterior, trasladarase á acta de avaliación e ao expediente académico do alumno ou alumna.

3.3. Para o alumnado con avaliación negativa, o profesor ou profesora da materia elaborará un informe sobre os obxectivos e contidos non acadados e coa proposta de actividades de recuperación.

3.4. O alumnado que non obtivera avaliación positiva nunha ou en varias materias poderá presentarse á proba extraordinaria que os centros organizarán durante os primeiros cinco días hábiles de setembro.

3.5. As cualificacións correspondentes á proba extraordinaria consignaranse na correspondente acta de avaliación e no expediente académico do alumno ou alumna.

3.6. Se o alumno ou alumna non comparece á proba extraordinaria dalgunha materia, reflectirase como Non Presentado (NP), que terá, a tódolos efectos, a consideración de cualificación negativa.



3.7. As cualificacións das materias pendentes de cursos anteriores consignaranse, igualmente, na correspondente acta de avaliación e no expediente académico do alumno ou alumna.

4. Información e comunicación dos resultados da avaliación

4.1. A persoa que exerza a titoría informará por escrito aos pais, nais ou tutores legais así como aos alumnos e ás alumnas sobre o seu aproveitamento académico e sobre a evolución do proceso educativo cando as circunstancias o aconsellen e, cando menos, despois de cada sesión de avaliación, de acordo co informe de avaliación individualizado que figura no anexo I a esta circular. A tales efectos, os tutores ou titoras requirirán, de ser o caso, a colaboración dos restantes membros do equipo docente.

4.2. Ao remate do curso, informarase por escrito ao alumnado e aos seus pais, nais ou tutores legais, no seu caso, acerca dos resultados da avaliación final. A dita información incluírá, cando menos, as cualificacións obtidas nas distintas materias cursadas, a decisión acerca da súa promoción ao curso seguinte e as medidas adoptadas, no seu caso, para que o alumnado acade os obxectivos establecidos en cada unha das materias, segundo os criterios de avaliación correspondentes.

4.3. Coa finalidade de garantir o dereito dos alumnos e das alumnas a que o seu rendemento escolar sexa avaliado conforme a criterios obxectivos, os centros darán a coñecer os obxectivos, contidos e criterios de avaliación establecidos nas programacións das diferentes materias como requisitos mínimos esixibles para obter unha cualificación positiva.

5. Procedemento para formular reclamacións sobre os resultados da avaliación

5.1. Co fin de garantir o dereito do alumnado a que o seu rendemento sexa avaliado conforme a criterios obxectivos, estes ou os seus representantes legais poderán reclamar, ante a dirección do centro, nun prazo de 5 días, contra as cualificacións finais ou da proba extraordinaria, cando consideren que a cualificación se outorgou sen a obxectividade requirida debido a:

- a) Inadecuación da proba proposta en relación cos obxectivos e contidos da materia sometida a avaliación e co nivel previsto na programación polo órgano didáctico correspondente.
- b) Incorrecta aplicación dos criterios de avaliación establecidos na mesma programación didáctica.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Formación Profesional
e Ensinanzas Especiais

Edificio Administrativo
San Caetano s/n, bloque 2, 2º andar
15781 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 546 562
Fax: 981 546 551
dxfee@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es



UNION EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO



5.2. No suposto de reclamación contra as cualificacións finais ou da proba extraordinaria, o director ou directora do centro, logo dos informes que estime oportunos, someteraas ao departamento correspondente, que poderá ratificarse na cualificación outorgada ou estimar a procedencia de rectificar a cualificación reclamada.

5.3. No suposto de que o departamento ratifique a cualificación, o interesado ou interesada poderá instar para que a dirección remita o expediente á delegación provincial da Consellería de Educación e O.U. que, logo do informe do Servizo Provincial de Inspección Educativa, ditará a resolución procedente.

5.4. Co obxecto de evitar atrasos na resolución das reclamacións, que puidesen prexudicar aos interesados, deberán observarse os seguintes prazos:

- a) O director ou directora deberá resolver a reclamación presentada no prazo de cinco días naturais.
- b) No caso de ter que enviar o expediente á delegación provincial, se tramitará no prazo de 48 horas.
- c) O delegado ou delegada provincial recibirá o informe da inspección educativa e resolverá no prazo máximo de 10 días naturais, dende a entrada do expediente na delegación provincial.

5.5. Contra a resolución do delegado ou delegada provincial poderá interpoñerse recurso de alzada ante a Consellería de Educación e O.U., na forma e prazos establecidos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

6. Promoción do alumnado

6.1. O alumnado pasará ao curso superior cando teña superadas as materias cursadas ou teña avaliación negativa, como máximo, nunha materia. Non obstante, no caso das ensinanzas de danza, cando a materia non superada sexa a de Danza clásica, deberase repetir o curso na súa totalidade.

6.2. No suposto de materias pendentes referidas á práctica da danza ou á práctica instrumental ou vocal, a súa recuperación deberá realizarse na clase do curso seguinte, se forma parte del. No resto dos casos, o alumnado deberá asistir ás clases das materias non superadas no curso anterior.

6.3. A cualificación negativa en dúas ou máis materias dun curso ou de varios impedirá a promoción do alumnado ao curso seguinte.

6.4. O alumnado que ao remate do cuarto curso tiver pendente de avaliación positiva dúas materias ou máis deberá repetir o curso na súa totalidade. Cando a cualificación negativa se produza nunha materia só cumprirá que realice dita materia.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Formación Profesional
e Ensinanzas Especiais

Edificio Administrativo
San Caetano s/n, bloque 2, 2º andar
15781 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 546 562
Fax: 981 546 551
dxfppe@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es



UNION EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO



6.5. En relación co punto anterior, os centros poderán, segundo as súas dispoñibilidades, autorizar a asistencia do alumnado cunha materia pendente ás clases das materias xa superadas.

7. Permanencia do alumnado

7.1. O límite de permanencia nas ensinanzas elementais de música e de danza será de cinco anos. O alumno ou a alumna non poderá permanecer máis de dous anos no mesmo curso.

7.2. Con carácter excepcional, poderase autorizar a ampliación nun ano da permanencia do alumnado no grao elemental, en supostos de doenza que perturbe substancialmente o desenvolvemento dos estudos ou noutros supostos que merezan igual consideración. Correspóndelle á Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais outorgar a correspondente autorización, previa solicitude do alumnado, acompañada de informe favorable, tanto da dirección do centro como da inspección educativa.

7.3. En calquera caso, a permanencia nas ensinanzas elementais non poderá superar os seis anos, incluído, de ser o caso, o da ampliación concedida.

8. As actas de avaliación

8.1. As actas de avaliación estenderanse para cada un dos cursos das ensinanzas elementais e comprenderán a relación nominal do alumnado que compoñía o grupo e os resultados da avaliación, e se cumprimentarán ao termo do período lectivo ordinario e da convocatoria da proba extraordinaria.

8.2. As actas de avaliación incluírán tamén as decisións sobre promoción ao curso seguinte e, se é o caso, a permanencia dun ano máis no curso ou grao, de acordo coas normas que regulan este suposto.

8.3. Nas actas correspondentes ao cuarto curso, farase constar a proposta de certificación na especialidade correspondente cando se superasen tódalas materias.

8.4. As actas de avaliación, asinadas por todo o profesorado do grupo, co visto e prace da dirección, serán arquivadas e custodiadas na secretaría do centro docente. Unha copia das actas de avaliación de cada grupo remitiráselle ao Servizo Provincial de Inspección educativa. Os centros autorizados remitiranlle un exemplar das actas finais ao conservatorio ao que estean adscritos.

8.5. As actas de avaliación axustaranse ao modelo e características que se determinan no Anexo II desta circular.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Formación Profesional
e Ensinanzas Especiais

Edificio Administrativo
San Caetano s/n, bloque 2, 2º andar
15781 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 546 562
Fax: 981 546 551
dxfee@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es



UNION EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO



9. O expediente académico persoal

9.1. O expediente académico persoal do alumnado incluíra os datos de identificación do centro docente, os do alumno ou alumna e a información relativa ao proceso de avaliación. O seu deseño básico axustarase ao modelo que figura no Anexo III desta circular.

9.2. O expediente académico dos alumnos e das alumnas que accedan ás ensinanzas de música ou de danza deberá ser cuberto e permanecer no centro no que estea matriculado o alumno ou a alumna.

9.3 Asemade, en calquera momento, os conservatorios e centros autorizados poderán emitir, por petición dos interesados, certificación dos estudos realizados na que se especifiquen as materias cursadas e as cualificacións obtidas. A certificación irá asinada polo secretario ou secretaria do centro e visada pola dirección.

9.4 O alumnado recibirá, ao finalizar o grao elemental, un certificado expedido pola dirección do centro educativo en que consten os cursos e as materias, así como as cualificacións obtidas.

10. Traslado de expediente

10.1. Cando o alumno/a se traslade de centro docente para proseguir os seus estudos, o centro de orixe remitirá ao de destino, a petición deste, unha certificación acreditativa de que os datos que contén concordan co expediente que consta no centro, que irá acompañada dun informe do profesor titor de dito alumno, conforme ao anexo IV desta circular, e que conterà, polo menos, os seguintes elementos:

- a) Apreciación sobre o grao de desenvolvemento das capacidades enunciadas nos obxectivos específicos das materias que configuran o currículo das ensinanzas cursadas, así como sobre o grao de asimilación dos seus contidos.
- b) Cualificacións parciais ou valoracións da aprendizaxe no caso de que se tivesen emitido.

10.2. O centro docente de destino abrirá o correspondente expediente académico persoal, e a matriculación do alumno ou alumna adquirirá carácter definitivo unha vez recibida a certificación cumprimentada polo centro de orixe.

12. Avaliación dos procesos de ensino e da práctica docente

O profesorado avaliará, nas sesións de avaliación do seu grupo, os procesos de ensino e a súa práctica docente en relación coa adecuación ao alumnado, co logro dos obxectivos do grao e das materias. Esta avaliación incluíra, polo menos, os seguintes aspectos:



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Formación Profesional
e Ensinanzas Especiais

Edificio Administrativo
San Caetano s/n, bloque 2, 2º andar
15781 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 546 562
Fax: 981 546 551
dxfee@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es



UNION EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO



- a) A adecuación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación ás características e necesidades do alumnado.
- b) As aprendizaxes acadadas polo alumnado.
- c) As medidas de atención á diversidade aplicadas.
- d) A programación e o seu desenvolvemento, a organización da aula, o aproveitamento dos recursos do centro e os procedementos de avaliación do alumnado.

13. Incorporación do alumnado procedente doutras comunidades autónomas

O alumnado que se incorpore aos estudos de música ou de danza, procedentes doutra comunidade autónoma, incorporaranse ao curso que lles corresponda, segundo o número de materias que teñan pendentes do plan de estudos da comunidade autónoma de procedencia.

Santiago de Compostela, 14 de marzo de 2008

O Director Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais



Antonio Vázquez Vázquez



ANEXO I

Informe da ___ Avaliación

Curso:

Grao elemental: _____

Especialidade:

Código do alumno:

Ano 20__/20__

Alumno:

Nº expediente:

Materias	1ª Avaliación			2ª Avaliación			Avaliación Final		
	Cualificac.	Faltas		Cualificac.	Faltas		Cualificac.	Faltas	
		(1)	(2)		(1)	(2)		(1)	(2)

(1) Faltas de asistencia xustificadas	(2) Faltas de asistencia sen xustificar	E: Exento	V: Validada
---------------------------------------	---	-----------	-------------

OBSERVACIÓNS DO/A TITOR/A

___ de _____ de 20__

O/A Titor/a

Asdo.:

Carimbo do centro

(Recórtese pola liña de puntos e devólvase asinado ó centro)

Informe da ___ Avaliación

Ano: 20__/20__

Grao Elemental

Curso:.....

Especialidade:

Alumno:

OBSERVACIÓNS DOS PAIS OU TITORES:

Data: ___ de _____ de 20__

O/A pai/nai ou titor/a

Asdo.:



CURSO ACADÉMICO: _____ CENTRO: _____ CONVOCATORIA: _____

Nº	APELLIDOS E NOME	ESPECIALIDADE	CUALIFICACIÓN POR MATERIAS			PROMOCIÓN
			Instrumento	Linguaxe musical	Educación Aud. e vogal	
1						
2						
3						
4						
5						
6						
7						
8						
9						
10						
11						
12						
13						

MODIFICACIONES E OBSERVACIONES

SINATURA

Vº e Pr.
O/A DIRECTOR/A _____, _____ de 20__

CURSO ACADÉMICO: _____ CENTRO: _____ CONVOCATORIA: _____

Nº	APELLIDOS E NOME	CUALIFICACIÓN POR MATERIAS			PROMOCIÓN
		Danza Clásica	Danza de Carácter	Música	
1					
2					
3					
4					
5					
6					
7					
8					
9					
10					
11					
12					
13					

MODIFICACIONES E OBSERVACIONES

SINATURA

Vº e Pr.
 O/A DIRECTOR/A

_____, ____ de 20__



CURSO ACADÉMICO: _____

CENTRO: _____

CONVOCATORIA: _____

Nº	APELIDOS E NOME	ESPECIALIDADE	CUALIFICACIÓN POR MATERIAS				PROMOCIÓN	
			Pendente de _____		Instru.	Linguaxe musical		Educación Aud. e vogal
			Materia	Qualif.				
1								
2								
3								
4								
5								
6								
7								
8								
9								
10								
11								
12								
13								

MODIFICACIONES E OBSERVACIONES

SINATURA

Vº e Pr.
O/A DIRECTOR/A

_____, ____ de 20____



CURSO ACADÉMICO: _____

CENTRO: _____

CONVOCATORIA: _____

Nº	APELLIDOS E NOME	CUALIFICACIÓN POR MATERIAS					PROMOCIÓN
		Pendente de		Danza Clásica	Música		
		Materia	Cualif.				
1							
2							
3							
4							
5							
6							
7							
8							
9							
10							
11							
12							
13							

MODIFICACIONES E OBSERVACIONES

SINATURA

Vº e Pr.
O/A DIRECTOR/A

_____, ____ de 20__



ANEXO III

CERTIFICACIÓN ACADÉMICA
CURSO ESCOLAR 20__/__

CERTIFICACIÓN ACADÉMICA
CURSO ESCOLAR 20__/__

Expediente / Expediente

Don/Doña _____ como Secretario/a deste Centro.
 Certifico: que el/la alumno/a _____, _____, con D.N.I. _____, natural de _____ (_____), nacido/a o de _____

Don/Doña _____ como secretario/a de este Centro.
 Certifico: que o/a alumno/a _____, _____, con D.N.I. _____, natural de _____ (_____), nado/a o de _____

CENTRO CENTRO	ASIGNATURA MATERIA	CURSO CURSO	GRADO GRAO	S.A. S.A.	AÑO ANO	ENSEÑANZA ENSINANZA	ORDINARIA ORDINARIA	EXTRAORDINARIA EXTRAORDINARIA
------------------	-----------------------	----------------	---------------	--------------	------------	------------------------	------------------------	----------------------------------

Cualquier anotación por debajo de esta línea no será válida
 Calquera anotación por debaixo desta liña non será válida

Y para que conste donde convenga al interesado, libro la presente orden con el visto bueno del/a Director/a de este Centro y con el sello del mismo, en _____ a __ de _____ de 20__

E para que conste onde conveña ao interesado, libro a presente orde co visto e prace do/a Director/a deste Centro e co carimbo do mesmo, en _____ a __ de _____ de 20__

Director/a
 Director/a

Secretario/a
 Secretario/a



ANEXO IV

INFORME PERSOAL POR TRASLADO DE CENTRO

D./DONA como titor/titora deste Centro fago constar que a alumna/o con DNI..... expediente e con data de nacemento/...../..... cursou/cursa durante o ano académico os estudos correspondentes ao curso de grao....., cos resultados parciais que figuran no cadro que se xunta.

RESULTADOS DAS AVALIACIÓNS				
MATERIAS	1ª	2ª	3ª	Avaliación
	Avaliación	Avaliación	Avaliación	Final
	CUALIFICACIÓN	CUALIFICACIÓN	CUALIFICACIÓN	CUALIFICACIÓN

OBSERVACIÓNS:

.....

....., de de

VISTO E PRACE
 DO DIRECTOR/DA DIRECTORA,

Carimbo do Centro

A/O PROFESORA/OR TITORA/TITOR

Asdo.:

Asdo.:.....